



ANUNCIO

ASUNTO: BASES PARA A SELECCIÓN DE 5 OPERARIOS/AS DE LIMPEZA PARA O PROXECTO "SERVIZOS BÁSICOS 2021". PROCEDEMENTO TR351F.

Expediente TEDEC: 2021/E001/000013

A Alcaldía do Concello de Vimianzo, con data 05-08-2021, ditou a Resolución 784/2021, na que se aprobaron as BASES PARA A SELECCIÓN DE 5 OPERARIOS/AS DE LIMPEZA PARA O PROXECTO "SERVIZOS BÁSICOS 2021". PROCEDEMENTO TR351F. que a continuación se transcriben:

BASES PARA A SELECCIÓN DE 5 OPERARIOS/AS DE LIMPEZA PARA O PROXECTO "SERVIZOS BÁSICOS 2021". PROCEDEMENTO TR351F.

Primeira.- Obxecto.

É obxecto das presentes bases a realización dun proceso selectivo para a contratación de cinco (5) operarios/as de limpeza para o proxecto "SERVIZOS BÁSICOS 2021" ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351F, DOG núm. 78 do 27/04/2021).

A Resolución de Concesión, asinada polo xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ten data do 09/06/2020 e ven complementada pola "Instrución Informativa sobre o Procedemento de Selección dos Programas de Cooperación cas Entidades Locais (Procedementos TR351A, G e F).

Segunda.- Requisitos das persoas aspirantes.

Requisitos xerais:

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español, ou nacional dun Estado membro da Unión Europea.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto. A condición de discapacitado/a e a súa compatibilidade acreditarase pola correspondente certificación. Os aspirantes con minusvalía farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Requisitos do programa TR351F:

a. Requisitos xerais

- Ser persoas desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, así como dispoñibles para o emprego.
- Figurar na listaxe remitida pola Oficina de Emprego de Cee para a oferta.

b. Requisitos específicos

- Ser persoas receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).

Todos estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.



Terceira.- Funcións dos postos.

As funcións están orientadas a prestar servizos básicos centrados na limpeza e pequenos mantementos en edificios e espazos públicos.

Cuarta.- Tipo e duración do contrato.

Tipo de contrato: Contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social

Duración: 9 meses

Xornada: parcial, 75% (30 horas semanais)

Horario: o que se estableza para o servizo

Soldo coa paga extra prorrateada: 909,22 €

Quinta.- Admisión de aspirantes e presentación de solicitudes

O artigo 13 da Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia e se aproba a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR351F, DOG núm. 78 do 27/04/2021) establece os requisitos da contratación.

O Concello de Vimianzo presenta unha Oferta de Emprego ante a Oficina de Emprego de Cee. Desde alí realizan unha selección tendo en conta os requirimentos da Orde e remiten unha listaxe ao concello. Eles son responsables de convocar ás persoas candidatas para a realización da entrevista inicial e participar no proceso de selección que se recolle nestas bases.

As persoas interesadas que figuren na listaxe elaborada pola Oficina de Emprego deberán cubrir a solicitude que figura no Anexo e as que non estean interesadas deberán comunicarllo á Oficina de Emprego de Cee.

O prazo para a presentación das solicitudes remata o día 19 de xuño de 2020. Este prazo poderá ser ampliado no caso de que houbera incidencias nas comunicacións que realiza a Oficina de Emprego de Cee.

Para presentar a súa solicitude deberán encher o modelo normalizado que figura no Anexo e acompañalo da copia ou orixinal da seguinte documentación:

- DNI en vigor
- Permiso de conducir B en vigor
- Tarxeta de demandante de emprego
- Documentación relativa aos méritos
- Documentación relativa ás circunstancias sociofamiliares

Sexta.- Admisión de aspirantes.

Desde a Oficina de Emprego de Cee convócase por carta ás persoas candidatas para acudir a unha entrevista o día 19 de xuño de 2020 e remítense a este concello a listaxe e os currículos.

Sétima.- Grupo mixto para a selección.

O artigo 13.c) da Orde establece a composición do grupo mixto, que estará constituído por un representante de cada unha das seguintes entidades:

- 1) Concello de Vimianzo
- 2) Consellería de Emprego e Igualdade
- 3) Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar:

Establécense como representantes do Concello de Vimianzo as seguintes persoas:

Titular: Rosa María Sánchez Martínez, técnica de Desenvolvemento Local

Suplente: Evaristo Suárez Corzón, técnico de Desenvolvemento Rural

Todas as persoas do grupo mixto terán voz e voto. Deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de



outubro de Réxime Xurídico de Sector Público. Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.

O grupo mixto non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos dous dos seus membros. Resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que afecten á debida orde do proceso de selección en todo o que non estea previsto nestas bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Oitava.- Proceso selectivo.

Poderase obter ata un máximo de 100 puntos segundo o que se indica a continuación:

- Por estar en posesión de permiso de conducir B, en vigor, 10 puntos.
- Por estar en posesión de formación que inclúa nos seus contidos a temática da prevención de riscos laborais, os primeiros auxilios ou metodoloxías para a limpeza de espazos interiores e exteriores, 5 puntos.
- Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras de Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e os maiores de 45 anos e os que teñan cargas familiares, segundo se describe no artigo 13 da Orde do 20 de decembro de 2020. Esta preferencia será valorada ata un máximo de 45 puntos, segundo se indica a continuación:
 - a) Persoas perceptoras de Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral e estean inscritas como demandantes de emprego: outórganselle 15 puntos por esta circunstancia.
 - b) Persoas maiores de 45 anos: outórganselle 15 puntos por esta circunstancia.
 - c) Cargas familiares: existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo ao cónxuxe, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. Outórganselle 15 puntos por esta circunstancia.
- Entrevista con guía escrita para a avaliación da experiencia e coñecemento das tarefas a realizar no posto, valorando a traxectoria profesional e as actitudes e aptitudes ante o posto. A puntuación máxima é de 40 puntos. Esta proba ten carácter obrigatorio e quedarán excluídas do proceso de selección as persoas que non a realicen.

Novena. Modo de acreditación dos méritos

A documentación xustificativa dos méritos alegados por cada persoa candidata deberá presentarse no Rexistro Xeral da entidade no día que se convocan desde a Oficina de Emprego de Cee para a entrevista, constando, se é o caso:

- Copia do permiso de conducir en vigor.
- Constancia da inscrición como demandante de emprego.
- Documentación acreditativa de ter cargas familiares.
- Documentación acreditativa da formación realizada e os seus contidos.

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Grupo Mixto, non estean suficientemente acreditados. A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no parágrafo anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo tribunal, in se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo establecido para a súa presentación. Tampouco se requirirá ás persoas interesadas para que os acrediten.

Décima.- Resolución do proceso



Rematado o proceso o Grupo Mixto elaborará unha lista cos candidatos clasificados de maior a menor puntuación e elavará á Alcaldía a proposta para a contratación.

As persoas a contratar serán requiridas mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Vimianzo e disporán de dous días naturais para aceptar o posto e achegar a documentación que se indica nestas bases.

Para a contratación deberán achegar, de non tela presentado con anterioridade, a seguinte documentación:

- 1) DNI en vigor
- 2) Certificado ou informe acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- 4) Fotocopia da cartilla da Seguridade Social ou documento oficial que acredite o número de afiliación Seguridade Social.
- 5) Número de conta bancaria.
- 6) Enderezo de correo electrónico a efectos de envío da nómina.

Décima.- Impugnacións e reclamacións

Os anuncios referidos a este proceso de selección serán publicados no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do Concello de Vimianzo, e as persoas interesadas disporán dun prazo de 2 días naturais para formular as súas reclamacións ou alegacións.

A presente convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas, poderán ser impugnados polos interesados na forma legalmente prevista. O Grupo Mixto queda autorizado para resolver as dúbidas que se puidesen presentar ou tomar os acordos necesarios referidos á baremación, a realización da entrevista e outros aspectos do proceso selectivo. Para o non previsto nestas bases rexerán como supletorias a lexislación básica do Estado na materia e a correspondente lexislación da Comunidade Autónoma de Galiza e demais disposicións obrigatorias.

ANEXO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

5 OPERARIOS/AS DE LIMPEZA PARA O PROXECTO "SERVIZOS BÁSICOS 2021"

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
ENDEREZO	MUNICIPIO	CÓDIGO POSTAL

EXPOÑO

1) Que recibín comunicación da OFICINA DE EMPREGO DE CEE para participar no proceso de selección que figura no encabezado, e que acepto as bases para a selección.

2) Que cumpro os requisitos para ser contratado/a relacionados nas bases.



3) Que autorizo o uso dos datos que facilito a efectos de levar a cabo as tramitacións e comunicacións relativas ao proceso selectivo e contratación.

4) Que adxunto a documentación relativa aos requisitos e á miña formación, experiencia laboral e circunstancias sociofamiliares que se relacionan no artigo 13.d) da Orde.

Por todo o anterior, SOLICITO

A Vde., teña por presentada a miña candidatura para participar no proceso de selección que figura no encabezado.

Vimianzo, de de 2021

Asdo.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VIMIANZO

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

OPERARIOS DE LIMPEZA PARA SERVICIOS BÁSICOS 2021

DOCUMENTACIÓN QUE ACOMPAÑO:

- DNI EN VIGOR
- PERMISO DE CONDUCIR B EN VIGOR
- CARTILLA DA SEGURIDADE SOCIAL OU DOCUMENTO CON NÚMERO DE AFILIACIÓN
- DOCUMENTACIÓN SOBRE ACCIÓNS FORMATIVAS:
 - o
- INFORME DE VIDA LABORAL
- CONTRATOS, NÓMINAS E OUTROS DOCUMENTOS RELATIVOS Á EXPERIENCIA LABORAL
 - o
 - o
 - o
- DOCUMENTACIÓN RELATIVA ÁS CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES (ART. 13.d) da Orde:
 - o

En Vimianzo, 5 de agosto de 2021

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez